



ORDENANZA FISCAL Nº 5, REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS ESPECIAIS, DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, EMERXENCIAS E OUTROS ANÁLOGOS.

Artigo 1º: FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Legislativo /2004 de 5 de marzo), este Concello establece a "Taxa polos servizos especiais, de extinción de incendios, emerxencias e outros análogos", que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cales normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado Texto Refundido.

Artigo 2º: FEITO IMPOÑIBLE

1. -Constitúe o feito imponible da Taxa, a prestación de servizos nos casos de:

- a) Extinción de incendios e alarmas destes, accidentes de tráfico, afundimentos totais ou parciais de edificios, instalacións e construcións, ruínas ou prevención destas, derrubas, inundacións, actuacións derivadas das redes de suministro, saneamento, alumado público, actos vandálicos, salvamentos, calquera outra actuación derivada dunha emerxencia e outros análogos; ben sexa por solicitude de particulares interesados, ou ben sexa de oficio por razóns de seguridade, sempre que a prestación do devandito servizo redunde en beneficio do suxeito pasivo.
- b) Calquera outro servizo de recepción obligatoria prestado polo Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil ou polos Servizos Municipais, na materia obxecto desta taxa.
- c) As actuacións que, aínda non sendo de recepción obligatoria, foran realizadas polo persoal do Servizo de Emerxencias e Protección Civil e/ou polos Servizos Municipais a requerimento dos interesados.

2. -Non estará suxeito a esta Taxa o servizo de prevención xeral de incendios, nin os servizos que se presten en beneficio da xeneralidade ou dunha parte considerable da poboación do Municipio ou nos casos de calamidade ou catástrofe pública oficialmente declarada.

3.- Non estará suxeito a esta Taxa o servizo de socorrismo acuático nas praias do Concello, salvo nos casos de negligencia manifesta. (Enténdese por socorrismo a actividade cuxo obxectivo principal é a seguridade dos usuarios nas zonas de baño, baseándose na prevención, na vixilancia e na intervención ante unha situación de urxencia).

Artigo 3º: SUXEITO PASIVO

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas o xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que resulten beneficiados pola prestación do servizo,



Concello
de Oleiros

entendendo por tales os usuarios das fincas siniestradas (propietarios, arrendatarios, usufrutuarios) que fosen obxecto da prestación do servizo.

Non obstante, no caso de prestación de servizos de salvamento ou outros análogos, son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas ou Entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que solicitaran os servizos ou en quenes o interese redunde.

En caso de intencionalidade ou negligencia (actos vandálicos) considérase suxeito pasivo contribuínte o causante do feito imponible.

Non terán a condición de suxeitos pasivos contribuíntes, as asociacións de veciños nin as entidades sin ánimo de lucro, que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

2.- Terán a consideración de substitutos do contribuínte na prestación de servizos de extinción de incendios, de prevención de ruínas, construcións e derrubos, accidentes de tráfico, salvamentos, e en xeral de protección de persoas e bens, as entidades ou sociedades aseguradoras do risco.

En caso de que os bens non se encontrasen asegurados, será substituto do contribuínte, o propietario do inmovible, quen poderá repercutir a débeda tributaria sobre os respectivos beneficiarios ou afectados.

Artigo 4º: - RESPONSABLES

Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas as que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinale o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º: - EXENCIÓNS SUBXECTIVAS

Non se concederá exención algunha no pago da Taxa.

Artigo 6º.- COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase en función do número de efectivos, tanto persoais como materiais que se empreguen na prestación do servizo, o tempo investido neste e o recorrido efectuado polos vehículos que actúen.

Para tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa:

Epígrafe primeiro. Persoal:



Concello
de Oleiros

a).- Por c/.socorrista, por hora ou fracción	12,34 €
b).- Por c/.voluntario da AVPC, por hora ou fracción	3,20 €
c).- Por c/. axente de emerxencias, por hora ou fracción	16,75 €
d).- Por c/.coordinador de emerxencias e Protección Civil, por hora ou fracción	25,43 €
e).- Por c/. coordinador de servizos municipais, por hora ou fracción	31,25 €
f).- Por c/. administrativo, por hora ou fracción	23,78 €
g).- Por c/. auxiliar administrativo, por hora ou fracción	15,10 €
h).- Por c/. encargado de área de servizos municipais, por hora ou fracción	20,69 €
i).- Por c/. xefe de equipo ou encargado do retén, por hora ou fracción	16,68 €
j).- Por cada operario de servizos municipais, por hora ou fracción	15,03 €
k).- Por cada limpadora, por hora ou fracción	13,08 €
l).- Por cada aparelador municipal, por hora ou fracción	25,76 €

Epígrafe segundo. Vehículos:

a).- Por c/.vehículo lixeiro e análogos (VL), por hora ou fracción	4,50 €
b).- Por c/. vehículo lixeiro de intervención (VLI), por hora ou fracción	11,35 €
c).- Por cada embarcación de rescate e salvamento	9,59 €
d).- Por c/. bomba forestal pesada (BFP), por hora ou fracción	61,33 €
e).- Por c/. pala, retroescavadora ou tractor, por hora ou fracción	22,49 €
f).- Por cada camión, por hora ou fracción	25,56 €
g).- Por cada bomba urbana pesada, por hora ou fracción	61,33 €
h).- Por outros vehículos, por hora ou fracción	18,39 €

Epígrafe terceiro. Equipos:

a).- Xerador de espuma, por hora ou fracción	30,66 €
b).- Equipo de rescate en estrada, por hora ou fracción	61,33 €
c).- Equipo de rescate en altura, por hora ou fracción	35,78 €
d).- Equipo de rescate acuático, por hora ou fracción	30,66 €
f).- Grupo electrógeno, por hora ou fracción	30,66 €
g).- Bomba de achique, por hora ou fracción	30,66 €
h).- Motoserra, por hora ou fracción	20,44 €
i).- Detector de gases, por hora ou fracción	20,44 €
j).- Cámara térmica, por hora ou fracción	27,25 €



Concello
de Oleiros

k).- Botella de aire comprimido respirable, por hora ou fracción	10,22 €
--	---------

Epígrafe cuarto. Material consumible:

a).- Extintor	35,78 €/unidade
b).- Espumóxeno	11,24 €/litro
c).- Secante /absorbente	16,36 €/kilo
d).- Dispersante	9,20 €/litro

Epígrafe quinto: quilometraxe. (contabilizarse ida e volta): 0,19 €/km.

Nota común ás epígrafes primeira, segunda e terceira:

O tempo investido na prestación do servizo computarase desde a saída ata o regreso ao parque.

A cota tributaria total será a suma das correspondentes ás dos epígrafes da tarifa.

Artigo 7º: - DEVENGO

Devéngase a Taxa e nace a obrigaón de contribuír cando saia do Parque a dotación correspondente, momento no que se inicia, a todo os efectos, a prestación do servico.

Artigo 8º: LIQUIDACIÓN E INGRESO

De acordo cos datos que certifique o Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil e/o Departamento de Servizos Municipais, os servizos tributarios deste Concello practicarán a liquidación correspondente, que será notificada para ingreso directo na forma e prazos sinalados polo Regulamento Xeral de Recadación e a Lei Xeral Tributaria.

Artigo 9º: - INFRACCIÓN E SANCIÓN S -

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspóndanlle en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.



Concello
de Oleiros

DISPOSICIÓN ADICIONAL

1. -A prestación dos servizos aos que se refire a presente Ordenanza, fora do termo Municipal, só se levará a cabo previa solicitude expresa da autoridade competente e mediante a autorización específica do Alcalde - Presidente desta Corporación.

2. -Neste caso, será suxeito pasivo contribuínte, na súa calidade de beneficiario do servizo prestado o solicitante do mesmo, a Entidade pública que o solicita.

DISPOSICIÓN FINAL: A presente Ordenanza modifica a aprobada polo Pleno de data 9-11-89 (Modificacións Plenarias de 19-12-91, 01-12-93, 25-10-1996, 14-12-200, 14-03-2005, 27-10-2005, 7-6-2012, 31-10-2103, 27-10-2016, 26-10-2017 e 26-09-2019) e entrará en vigor unha vez publicado o texto íntegro das modificacións no B.O.P., permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

DILIXENCIA para constatar que:

A presente Ordenanza Fiscal, da que a súa redacción orixinal foi aprobada polo Pleno da Corporación en Sesión celebrada o 9 de novembro de 1989, foi publicada no B.O.P. nº 4 Bis de 5 de xaneiro de 1.990.

Polo Pleno de 19 de decembro de 1.991 modificouse o artigo 6º.2, publicándose o texto íntegro do referido artigo no B.O.P. Nº 94 de 25 de abril de 1.992.

Por Pleno do 1 de decembro de 1.993 modificouse o artigo 6º, publicándose o texto íntegro do referido artigo no B.O.P. Nº 47 de 28 de febreiro de 1.994.

Por Pleno de data 25 de outubro de 1.996, modificáronse os artigos 3º e 5º, dos que os seus textos íntegros foron publicados no B.O.P. Nº 300 de 31 de decembro de 1.996.

Por Pleno de data 14 de decembro do 2001 modificouse o artigo 6º -Cota tributaria publicándose o seu texto no B.O.P. nº 54 de 6 de marzo do 2002.

Por Pleno de data 14 de marzo do 2005 modificáronse os artigos 1º, 3º, 4º, 6º e 9º, publicándose os textos íntegros dos artigos no B.O.P. Nº 138 de 18 de xuño de 2005.

Por Pleno de data 27 de outubro do 2005 modificouse o artigo 6º, publicándose o texto íntegro do artigo no B.O.P. Nº 296 de 28 de decembro de 2005.

Por Pleno de data 25 de setembro do 2008 modificouse o artigo 6º, publicándose o seu texto íntegro no BOP nº 285 de 12 de decembro do 2008.

Por Pleno de data 7 de xuño do 2012 modificouse o título da Ordenanza e os artigos 1º, 2º, 3º, 6º e 8º e incorporouse unha disposición final, publicándose o texto das modificacións no BOP nº 168 de 4 de setembro do 2012.

Por Pleno de data 31 de outubro do 2013 modificouse o artigo 6º, publicándose o seu texto íntegro no BOP nº 3 de 7 de xaneiro do 2014.

Por Pleno de data 27 de outubro do 2016 modificouse o artigo 6º, publicándose o seu texto íntegro no BOP nº 246 de data 29 de decembro do 2016.

Por Pleno de data 26 de outubro do 2017 modificouse o artigo 6º, publicándose o seu texto íntegro no BOP nº 246 de data 29 de decembro do 2017.

Por Pleno de data 26 de setembro do 2019 modificouse o artigo 6º, publicándose o seu texto íntegro no BOP nº 235 de data 11 de decembro do 2019.